

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., COA FINALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA BRAINLAB.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaria EPSSSA formalizaron o 29/07/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos até o 31/07/2029, sen prexuízo da súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados, da marca BRAINLAB, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de "Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A.". Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándoos de forma mais eficiente.

Doutra banda, a lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe "acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común" que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común.

Segundo o apartado 3 deste artigo "cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector

público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa presupostaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil. No caso do equipamento de alta tecnoloxía, que só pode ser mantido pola súa fabricante, a marxe de negociación é escasa, polo que a contratación centralizada e por un período amplo son practicamente os únicos mecanismos para negociar mellores condicións.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal.

